Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 01/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

4.7943.- **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO NÚM. 4.7923, DO 27/01/2023, DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA GUARDA PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SANGRIÑA” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (EXPTES.- 2021040003 – 2023010047)**



Sra. Presidenta.- Punto 4 da orde do día. Aprobación da modificación do acordo plenario de modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello da Guarda para realizar a actuación “Execución de reforma e ampliación do pavillón polideportivo da Sangriña”. ¿Algunha intervención? Non hai. Someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes.

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello da Guarda, con destino á execución da actuación denominada “Execución de reforma e ampliación do pavillón polideportivo da Sangriña”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19- Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.674.023,95€ e a subvención concedida a 609.672,74€ (36,42%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.064.351,21€ (63,58%).
- Na data 04/01/2022, posteriormente emendado o 11/01/2022, o Concello presenta no Rexistro da Deputación un proxecto reformulado do proxecto inicial da actuación subvencionada, no que o orzamento se incrementa ata o importe de 1.870.667,53€. O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 5.7748, adoptado na sesión ordinaria do 25/02/2022, prestou conformidade ao proxecto reformulado. O orzamento do investimento ascende a 1.870.667,53€, a subvención concedida, que non varía, ascende a 609.672,74€ (32,59%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.260.994,79€ (67,41%).

De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022001604 de 03/03/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 05/03/2022.

- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, o Concello informa á Deputación da notificación por parte do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha axuda ao Concello da Guarda por un



importe de 385.754,11€, dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o Programa ReacPon (14.023,48€ dos 385.754,11€ da mencionada axuda corresponden a honorarios, partida non incluída na subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon). Dita Resolución publicouse na data 02/12/2022 na sede electrónica do MITMA. Para reaxustar o financiamento, mediante o acordo núm. 4.7923 adoptado na sesión ordinaria do 27/01/2023, o Pleno da Corporación Provincial aprobou a modificación do acordo de concesión da subvención de data 17/12/2021.

- Na data 24/01/2023 o concello presenta o Convenio suscrito coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, mediante o que se formaliza a achega da Xunta de Galicia por importe de 500.000,00€, con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada ao abeiro do Programa ReacPon.
- Na data 13/02/2023 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 14/02/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o financiamento.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público





(LRXSP).

- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



## Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Cláusula Sétima do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que o Concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.



- Cláusula Novena do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 20ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada. A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.
- Cláusula Sexta do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que sinala que non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto na propia cláusula. Con todo, no caso de existir importes sobrantes, estes reverterán a cada Administración na mesma proporción en que sexan cofinanciados, se ben, cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación de Pontevedra, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobrance que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

#### CONCLUSIÓN

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.



Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacon e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Á vista da achega da Xunta de Galicia con destino ao financiamento da actuación “Execución de reforma e ampliación do pavillón polideportivo da Sangriña”, e mantendo as porcentaxes asumidas pola Deputación e o Concello, o financiamento da actividade subvencionada distribúese do seguinte xeito:

Orzamento	1.870.667,53 €	
Subvención MITMA (restando honorarios)	371.730,63 €	
Subvención XUNTA	500.000,00 €	
Importe restante a cofinanciar	998.936,90 €	
Mantendo as porcentaxes iniciais de financiamento		
	<b>Achega</b>	<b>Porcentaxe</b>
<b>Deputación</b>	325.565,39 €	32,59%
<b>Concello</b>	673.371,51 €	67,41%
<b>Total</b>	998.936,90 €	100,00%

Conforme á anterior táboa, a diferenza entre a subvención resultante da modificación do acordo de concesión aprobada polo acordo Plenario núm. 4.7923 do 27/01/2023 (488.521,32€) e a subvención reaxustada (325.565,39€), que ascende a 162.955,93€, deixarase de dispoñer, no seu caso, do préstamo contraído. Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o Concello.

Así mesmo, minórase a achega municipal ata o importe de 673.371,51 €.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 08/02/2023 (CSV: 6YDKR2LGH1FF1Z8D), o informe da Secretaría Xeral de 13/02/2023 (CSV: I6EJZAONALB3RP6V), a dilixencia de conformidade de Intervención de 14/02/2023 (CSV: X9OWAFXVDSOYRR), e o ditame favorable da



Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 17/02/2023 (CSV: BMQA01IDO0D4R92Y), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación do acordo plenario núm. 4.7923, do 27/01/2023, de modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello da Guarda para realizar a actuación “EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SANGRIÑA”, ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.  
A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda e, de proceder, á realización das operacións oportunas para minorar a disposición do préstamo contraído.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Guarda, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.7944.- **APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN A 1 DE XANEIRO DE 2023 DO CATÁLOGO DE ESTRADAS TITULARIDADE DESTA DEPUTACIÓN (EXPTE.- 2023005060)**

Sra. Presidenta.- No punto 5 da orde do día. Aprobación da actualización a 1 de xaneiro de 2023 do Catálogo de estradas titularidade desta Deputación. Non hai intervencións, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes.

- 1.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión do 29 de abril de 2022, aprobou a actualización do Catálogo de Estradas da Rede Provincial da Deputación de Pontevedra a 31 de decembro de 2021 (BOPPO de 18 de maio de 2022).
- 2.- Durante o ano 2022 formalizáronse e publicáronse no BOPPO actas de entrega a distintos concellos de viais ou treitos dos mesmos logo de executarse neles obras de melloras correspondentes.

Consideracións.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.





- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

2ª Actualización preceptiva.

O Catálogo de Estradas é un rexistro público administrativo que debe ser actualizado permanentemente.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e o Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o seu regulamento establecen nos seus artigos 10.4 e 21, respectivamente, que as entidades locais aprobarán os catálogos de estradas da súa titularidade, así como as respectivas modificacións e actualizacións posteriores.

O director de Infraestruturas e Vías Provinciais informou, en data 24 de xaneiro de 2023, sobre as variacións producidas ao longo de 2022 (con CSV: H6COIP645TQ940Y0). No antedito informe relaciónanse as seguintes modificacións:

- EP-0601 Portosanto– Campelo–PO-308 (Poio).
  - o Modificouse o punto inicial da estrada e a súa lonxitude total tras ser transferido o treito inicial ó Concello de Poio.
- EP-2903 Redondela–Catapeixe (Redondela).
  - o Causa baixa no Catálogo por ser transferida ó Concello de Redondela.
- EP-2905 Acceso a Arealonga (Redondela).
  - o Causa baixa no Catálogo por ser transferida ó Concello de Redondela.
- EP-4001 Pontearreas–Guillade (Pontearreas).
  - o Modificouse o punto inicial da estrada e a súa lonxitude total tras ser transferido o treito inicial ó Concello de Pontearreas.
- EP-5101 Maceira–A Graña (Covelo).
  - o Modificouse o punto final da estrada e a súa lonxitude total tras ser transferido o treito final ó Concello de Covelo.
- EP-9202 Nanín–Igrexa de Bordóns (Sanxenxo).
  - o Modificouse o punto final da estrada e a súa lonxitude total tras ser transferido o treito final ó Concello de Sanxenxo.
- EP-9203 Padriñán–A Laxe (Sanxenxo).
  - o Modificouse o punto inicial da estrada e a súa lonxitude total tras ser transferido o treito inicial ó Concello de Sanxenxo.



- EP-9402 O Mosteiro–Barrantes (Meis).
  - o Modificouse o punto inicial da estrada e a súa lonxitude total tras ser transferido o treito inicial ó Concello de Meis.
- EP-9406 Galles –A Armenteira (Meis).
  - o Modificouse o punto final da estrada e a súa lonxitude total tras ser transferido o treito final ó Concello de Meis.

Cada unha das baixas consecuencia de transferencias aos concellos foi informada favorablemente pola Secretaría Xeral e polo Servizo de Intervención e aprobada polo Pleno.

### 3ª Procedemento.

De acordo co disposto no artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local a aprobación da actualización e modificación dos Catálogos de Estradas corresponde ao Pleno por maioría simple.

Segundo dispón o artigo 21.3 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, o acordo que se adopte deberase comunicar á Consellería competente, para os efectos de coordinación do sistema viario da Comunidade Autónoma.

Polo que antecede, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a actualización do Catálogo de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra a 1 de xaneiro de 2023 conforme ao documento técnico asinado polo Director de Infraestruturas e Vías Provinciais que consta no expediente co CSV: H6COIP645TQ940Y0.

O Catálogo estará a disposición pública na Sede Electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra.

Segundo. Comunicarlle este acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para os efectos previstos no artigo 21.4 do Regulamento da Lei de Estradas de Galicia.

Terceiro. Ordenar a publicación do presente acordo no BOPPO e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial de Pontevedra.

6.7945.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO  
CONSTRUTIVO DA OBRA DE “ENSANCHE E  
MELLORA DA EP-0405 (PQ 0+000 Ó PQ 1+500)  
CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA E DO**



## EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPT.- 2023009178)

Sra. Presidenta.- No punto 6. Aprobación inicial do proxecto construtivo da obra de “Ensanche e mellora no Concello de Cerdedo-Cotobade” e do expediente de expropiación. ¿Algúnha intervención? Si, Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Estou jeh!, vou a ser breve. Grazas Sra. Presidenta. Como é o primeiro punto da orde do día no que intervimos queremos disculpar a asistencia do noso compañeiro José López Campos por motivos persoais, ¿de acordo?. Bueno, simplemente, pois tendo a oportunidade de ser deputado provincial e alcalde do concello que subscribe este convenio interadministrativo coa Deputación, recoñecer o esforzo que ambas administracións fixeron e van a facer para levar a cabo este proxecto que supón a transformación dun vial que vertebra toda a parroquia de Almofrei no que se conqueriron practicamente a totalidade, salvo 3 parcelas, a cesión a título gratuito das superficies necesarias coa colaboración dos seus propietarios e dos veciños i, polo tanto, pois recoñecer este feito. Estamos pois moi satisfeitos de que ve vaia a levar adiante i, polo tanto, creo que é xusto recoñecelo, recoñecer tamén o esforzo e o traballo dos funcionarios de ambas casas que traballaron neste expediente e, polo tanto pois dende o concello e dende a alcaldía pois recoñecelo neste Pleno, ter a oportunidade de ser deputado provincial como alcalde pois é unha honra poder facelo hoxe neste Pleno i, polo tanto o que ben remata ben parece i quería decilo así Presidenta neste Pleno para que conste en acta.

Sra. Presidenta.- Moi ben Sr. Cubela, agradezo a intervención. Vou a seguir peleándome con esto, vale. Grazas, jeh!. Ben, pois entonces hai que sometelo a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

“Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.



Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de “Ensanche e mellora da EP-0405 (p.q. 0+000 ó p.q. 1+500) Concello de Cerdedo-Cotobade”. Preténdese mellorar as condicións de seguridade e de mobilidade dos peóns, mediante a construción dunha senda peonil dende o PQ 0+380 ata o final da estrada e de dúas zonas de convivencia de tráfico peonil e rodado. Acondicionarase e mellorarase as características da estrada ampliando a plataforma e o marco sobre o rego das Longuiñas, repoñeranse os servizos afectados pola execución das obras e dotarase de sinalización horizontal e vertical.

O orzamento das obras proxectadas é de novecentos corenta e seis mil cincocentos noventa e nove euros e un céntimo (946.599,01€). Os xustiprezos polas expropiacións necesarias estímense en dous mil corenta e sete euros e cincuenta e seis céntimos (2.047,56 €).

2. O Pleno da Corporación Municipal aprobou en sesión de 30-12-2022 un convenio de colaboración coa Deputación Provincial para a execución das obras o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 10-02-2023.

De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos xustiprezos polos bens e dereitos afectados pola financiación integramente polo Concello de Cerdedo – Cotobade con cargo a fondos propios.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).



- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

## 2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

O proxecto das obras - Código Seguro de Verificación CSV - W4GVSCLEVP1T8368 redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Sergio Daniel Orosa López.

No anexo 20 do proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar.

Están afectadas as seguintes parcelas:

Núm.	Ref. Catastral	Sup. Necesaria (m <sup>2</sup> )
<b>P05</b>	36012A063015780000ZJ	17,02
<b>P10</b>	36012A063007280001XT	21,08
<b>P26</b>	36012A063003390000ZF	47,55

- Informe, de 11/01/2023, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 13/02/2023 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Certificación catastral das parcelas obxecto de expropiación e nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Ponte Caldelas-Redondela, de 13 de febreiro de 2023, referida unicamente á parcela catastral 360120000006301578RE.
- Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.





O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares” (artigo 5.1).

### 3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 13 de febreiro de 2023 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que esta estrada serve de itinerario peonil vertebrador da zona de Almofrei e dado que non existen itinerarios peonís seguros os peóns camiñan pola calzada -entorno destinado á circulación de vehículos-.

Para eliminar esta zona perigosa existente na que os peóns camiñan pola calzada, vese necesario por seguridade viaria executar unha senda peonil que discorra pola marxe dereita da estrada que permita o tránsito peonil seguro, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 3 parcelas de titularidade privada para



poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación tanto para os peóns como para os vehículos motorizados”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece: “1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten á actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial,



serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos- información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

“a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:

1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.

b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.

c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das



administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que á aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12.02.2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

#### 5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o



artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva corresponderíalle á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación esta prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo ó planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“ 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.”

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.”

Non sendo preceptivo o informe de Secretaría segundo ten sinalado en informes precedentes (12.02.2021 expediente con referencia 2021002891), e logo do informe favorable da Intervención Xeral, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Ensanche e mellora da EP-0405 (p.q. 0+000 ó p.q. 1+500) Concello de Cerdedo-Cotobade” cun orzamento de 946.599,01€ e 2.047,56€ de expropiacións.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente





aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

DATOS PARCELA	CLASIFICACIÓN NN.SS.	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO	SUPERFICIE DE PARCELA	SUPERFICIE DE EXPROPIACIÓN	PRECIO UNITARIO DE EXPROPIACIÓN DE SOLO	IMPORTE DE EXPROPIACIÓN DE SOLO	5% PREMIO DE AFECTACIÓN	TOTAL EXPROPIACIÓN DE SOLO
Referencia catastral								
36012A063015 780000ZJ	Solo urbano	Urbanizado	2.282	17,02	48,00	816,96	40,85	857,81 €
36012A063007 280001XT	Solo urbano	Urbanizado	2.547	21,08	48,00	1.011,84	50,59	1.062,43 €
36012A063003 390000ZF	Solo non urbanizable de protección ecolóxica	Rural	720	47,55	2,55	121,25	6,06	127,32 €
<b>TOTAL</b>								<b>2.047,56 €</b>

7.7946.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA QUE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA INSTE ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA O ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE FIBRA ÓPTICA (EXPTE.- 2023009796)**



Sra. Presidenta.- No punto 6. Aprobación inicial do proxecto construtivo, non, perdón, o 7, si, si. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para que a Deputación Provincial inste esixir ao Goberno de España o acceso a internet a través da fibra, da fibra óptica. Me estou facendo maior e teño que poñer gafas para ler de cerca, non as trouxen hoxe, entón me costa moitísimo ler esto. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Ben, pois o tono da moción vai no sentido de explicar a actual situación onde se reconece que se está implementando e despregando a fibra óptica en todo o Estado, a través dos distintos plans que están aprobados, pero si que reconecemos que non se están facendo coa celeridade nin coa coordinación coa que nos gustaría a todos, ¿non? Son moitos os alcaldes e os concellos onde a día de hoxe non saben si se está despregando fibra óptica no seu concello, si se está cubrindo os prazos e os proxectos que están aprobados para marcar o obxectivo que é que o 100% da poboación de todo o territorio teña un acceso a internet a unha velocidade digna i, polo tanto, pois facéndonos eco desta situación, eu a vivín no meu concello, queremos traer esta moción para que dende os grupos políticos que compoñen a corporación desta casa, sendo un tema fundamental para os concellos, para as familias, para as empresas, de todo o territorio, e eu coma sempre pois tendendo a man aos concellos do interior rurais, pequenos, que contan con menos recursos e onde o asentamento de poboación ter este servizo é fundamental, traemos e plantexamos esta moción. Non vou a explicar moito máis porque está no propio texto e o sentido da moción é este: instar ao Estado e ao Goberno do Estado ao cumprimento dos prazos establecidos nas accións para executar os obxectivos da axenda dixital europea 2020. Nos núcleos urbáns, nas grandes vilas pode haber unha efectiva dende xa fai tempo coordinación disto, pero a realidade é esta, moitos alcaldes non saben a quen teñen que recurrir, as propias empresas adxudicatarias do despregamento non se poñen en contacto cos concellos e, polo tanto, atopamos e atópanse moitos territorios con estos proxectos a salto de mata. Xa digo que espero que esta moción poida ser aprobada por unanimidade, reconecemos o despregamento da fibra óptica pero non coa celeridade nin coa coordinación nin coa eficacia que debera ser, llo digo eu, que no meu concello o sufrimos, e dimos coa tecla, pero hai moitos compañeiros de distinto signo político que a día de hoxe non saben con quen poden falar, non saben que núcleos se vai a despregar e en cales non, i onde debería estar xa executado pois estamos atopando unha falta de execución de obra moi importante, co que conleva despois da pandemia todo isto. Moitas grazas.



Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Cubela. Ten a palabra Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Yo también con muy buen tono pero si me sorprendió la moción todavía me sorprende más la intervención del Sr. Cubela. Vamos a los antecedentes, el 25 de enero la Secretaria de Estado de Telecomunicaciones, María González y el Delegado de Gobierno estuvieron aquí para explicarles a los alcaldes y alcaldesas el avance de banda ancha de nuestra provincia, dentro del plan único “Banda ancha de gobierno”, que garantiza la conectividad total en el territorio de la provincia antes de 2025, es una apuesta sin precedentes por el reto demográfico. En esta reunión se explicaron con todo lujo de detalles los plazos, las acciones y los programas que ya están en marcha. Sr. Cubela, resulta insólito, y permítame que le diga que hasta carnavalesco, que el Partido Popular pida en esta moción justo lo que ya se está haciendo, porque luego le hablo del plan que tenía Rajoy, pero antes le quiero preguntar ¿le molesta al Partido Popular que en esta Diputación se colabore ante este imparable avance de la conectividad y que se explique directamente en este mismo salón de plenos? ¿Les molesta que sea tan evidente el impacto que está teniendo en nuestra provincia la ejecución de los fondos europeos? Desde luego si le molesta estas cuestiones tienen ustedes un serio problema, pero lo más sorprendente es que quien defiende la moción no asistió a esta reunión con la Secretaria de Estado, envió a un teniente de alcalde, con todos los respetos, que no habló, que no hizo ninguna pregunta y que por lo que usted dice no le debió de informar o que no escuchó absolutamente nada. Mire, para su información, el programa “Único banda ancha” del que aquí se informó con detalle está a permitir en sus dos primeras convocatorias, años 2021-2022, tome note Sr. Cubela, que se conectan a banda ancha un total de 41.289 viviendas y empresas en la provincia de Pontevedra. Hay una movilización de 16,1 millones de euros con subvención estatal de 11,2 millones de euros; pongámoslo en comparación con el plan de Rajoy, que era el PEBA, y que eran 100 millones de euros, la comparación es tremenda porque el plan de este gobierno es de 1.000 millones de euros frente a 100 millones del plan que tenía el gobierno de Rajoy. Pero no fue lo peor que sólo sea, fuera el 10%, sino que sólo se ejecutó 20 millones de euros. Por lo tanto, la comparación de 1.000 millones de euros de este gobierno, frente a los 20 ejecutados hacen 4.900% más de este gobierno, ¡claro!, si no venimos a las reuniones evidentemente que no nos enteramos. Pero en el grado de ejecución que usted dice “ni celeridad, ni coordinación” usted si que lo hizo de la misma forma que lo hizo usted parece ser lo podrían haber hecho los demás. Pero



vayamos en concreto a las convocatorias, algo muy importante, la convocatoria del 2021 fue adjudicada a Telefónica cubre 18.900 viviendas; la convocatoria de 2022 a la compañía Avatel Telecom, cuando esté cubierto estas 40 y pico mil viviendas estaremos en un grado de ejecución del 95% ¿Y sabe cuál es un rasgo muy distintivo entre el plan de este gobierno y el plan del Sr. Rajoy? Que en el plan del Sr. Rajoy mandaban las empresas y eran las empresas las que priorizaban los núcleos que le interesaban, y aquí no, en este plan quién manda es el gobierno que es el que ha convocado estos concursos. Por lo tanto, bueno, el rasgo o el dato importante de que esté cubierto el 95% a la finalización de estas convocatorias desde luego desmonta absolutamente todas sus argumentaciones, a mayores si hubieran estado aquí se hubieran enterado de que también esta extensión puede ser posible a los concellos, y a las casas consistoriales y a los edificios municipales. Por lo tanto, Sr. Cubela, despierten, despierten, porque a veces les veo ciertamente dormidos y sólo una formación política que está dormida puede presentar una moción como esta, tuvieron la ocasión, la opción de estar en directo aquí, de saber los datos, la desaprovecharon, y ahora traen una moción sobre lo que ya se está haciendo. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben. Sr. Font, a verdade é que para defender ó doutor Sánchez vén co argumentario ben aprendido. É unha moción construtiva, o que é un feito é que o Ministerio non está coordinando de forma efectiva este despregamento. O equipo de goberno do Concello de Cerdedo-Cotobade despois de facer xestións e atopándose na mesma situación que moitos concellos e alcaldes que non tiñan con quen falar, nin con quen coordinar isto nin poder responder aos veciños que plantexaban e presionaban para que nos seus domicilios e nos seus núcleos de poboación se despregara a fibra óptica, conseguimos contactar cunha persoa que acertadamente colaborou e nos axudou moito a facer reunións polas parroquias, a explicar o despregamento no noso concello i a tomar razón de todos os domicilios e de todas as persoas que querían conectarse. A raíz desas reunións, a Deputación de Pontevedra convoca unha reunión na propia Deputación, que nos parece estupendo, e ademais creo que é positivo que se faga, onde o alcalde, como vostede ben dixo en reiteradas ocasións na súa intervención, non poido acudir, e acudiu o teniente alcalde do concello, porque o teño que dicir aquí, non me gusta recurrir, porque tamén a voceira do grupo socialista, candidata do Partido Socialista no noso concello, debería de sabelo, que me atopaba no funeral, no enterro dun veciño de 29 anos,



¡de acordo!. Estaba moi ben representado o equipo de goberno e a corporación municipal de Cerdedo-Cotobade, i tamén teño que dicir que nesa reunión non se suscitou ningunha cuestión máis que a de explicar os propios plans e anuncio deses plans por parte da Secretaria de Estado. Non resolveu ningunha dúbida por parte dos compañeiros nin das persoas que interviron e, polo tanto, pois foi unha exposición pública dunha inversión que nestes momentos é crucial i fundamental para os municipios da provincia de Pontevedra, para promover a desaparición, ademais, da fenda dixital entre o mundo rural e as zonas urbanas. Pero fíxense si esto é importante que levan gobernando en Madrid case 6 anos e estamos a falar disto, que ninguén, ningún representante político foi capaz de tratar de coordinar isto ata o de agora e sigue sen coordinarse, despois de esa reunión nin as empresas operadoras, nin a Deputación, que tomou bandera ese día da coordinación ou da posta a punto do anuncio desa inversión, nin a Delegación do Goberno, nin ninguén da Secretaría de Estado de Telecomunicacións, se dirixiron a ningún concello da provincia para ver que problemas hai, que detectan nos seus concellos ou que se pode facer para mellorar a coordinación entre todas estas partes. Vostede, pois fai unha intervención meramente política, de defensa e de, da camiseta i nada máis, lle importa ben pouco o que estamos expoñendo aquí. Ríase se lle parece ben, pero a min o que me parece ben é que despois do que estamos expoñendo argumenten que todo está indo xenial, que non hai ningunha brecha no despregamento da fibra óptica i que se está facendo todo dunha forma marabillosa porque goberna o Partido Socialista en Madrid, e non queremos ir por aí o que queremos é que se apoie unha moción ... un segundiño só, por favor.

Sra. Presidenta.- Rematou o seu tempo, logo ten, logo ten 2 minutos máis.

Sr. Cubela López.- De verdá que remato Presidenta, é unha intervención de 3 palabras. Que se marque unha folla de ruta para que nos concellos que non teñen capacidade técnica de xestionar isto aos que non se está dirixindo ninguén se poida poñer enriba da mesa unha coordinación efectiva do despregamento da fibra óptica. I esto está sucedendo i lle pode preguntar a calquera alcalde do seu partido político.

Sra. Presidenta.- Logo ten 2 minutos Sr. Cubela. Ten a palabra Sr. Font.

Sr. López Font.- Mire, Sr. Cubela, ni vengo a defender al Sr. Sánchez pero la verdad es que el Sr. Sánchez es casi mejor que la gente de bien esta de la que





habla el Sr. Feijóo. Mire, por parte de la Delegación de Gobierno se está enviando a todos los concellos las referencias catastrales del número de viviendas que he mencionado aquí. La reunión fue sumamente productiva, en la reunión se aclararon todas las dudas y como, evidentemente, tiene una complejidad tremenda de las que pudieran ser objeto de información adicional se tomó nota, por lo tanto, es que claro, no venir a las reuniones o que se las cuenten parcialmente este es el problema que tiene. Por lo tanto, se está haciendo información puntual desde la Delegación de Gobierno, y sigo diciendo, hay 2 convocatorias 2021-2022 que van a cubrir el 95%; por parte de la Delegación de Gobierno hay toda la coordinación pero es que además las empresas, a diferencia del plan que tenía Rajoy, sobre las empresas manda quien convocó el concurso; y la comparación, no me diga que estamos lejos de no sé qué objetivo porque lo que es evidente es que de haber seguido con el grado de ejecución que llevaba el Sr. Rajoy no llegábamos al 95% ni en el siglo siguiente, por lo tanto, esta es una comparación ciertamente importante. Me mantengo, 1000 millones frente a los 20 millones de grado de ejecución, cuando finalicen los 2 programas estará cubierto el 95%, a continuación estará cubierto el 5%, porque inclusive va haber una conexión con un satélite hispasat que lo va a permitir. Por lo tanto, lo que si es cierto es que, bueno, yo, esta moción, no sé si se han querido apuntar el tanto, usted en especial, porque si tanto presume de que lo ha hecho bien en su concello y de que alguien le ha informado y de que tal, ¡hombre!, pues a lo mejor hubiera sido bueno que usted o su teniente de alcalde hubieran en la reunión agradecido a la Secretaria de Estado lo bien que se ha hecho. Mire, le hablaba antes de carnaval y por hacerle la broma, que no es ni siquiera una broma, una moción como esta para pedir lo que ya se está haciendo es muy poco serio, Sr. Cubela, y más bien parece una idea del loro ravachol. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Un pouco de respecto ao loro ravachol, Sr. Font. Mire, imos a enfriar un pouco o debate porque eu creo que está equivocándose a onde o levou. Nós recoñecemos que estes plans son positivos, son formidables, son necesarios, o único do que falamos é de que se coordine ben. Facer unha reunión na Deputación non é coordinar ben, non é coordinar, senón se fai un traballo de campo posterior. Polo tanto, é o que traemos aquí, non imos a comparalo cos trenes, coa xestión do Ministerio de Fomento, cos trens de Cantabria e Asturias, porque non vén ó caso, pero esto pódese facer ben, non require un traballo político simplemente require pór ós técnicos do Ministerio, en coordinación ao



mellor coas Subdelegacións do Goberno ou coa Delegación do Goberno ou coas Deputacións, a coordinar o despregamento da fibra óptica. Recoñecemos que son plans positivos, que se están xestionando gracias a fondos europeos, que non estaban co goberno de Rajoy, porque aquí queremos recurrir ás épocas de Pachi i vostedes levan gobernando 6 anos. Polo tanto, reconduzamos o debate, non se está facendo unha coordinación efectiva na meirande parte do territorio, nin da provincia, nin de Galicia, do despregamento da fibra óptica, é o único que traemos nesta moción, non me saio nestes 2 minutos desta intervención nin no senso en que a presentamos. Vostede fixo unha exposición, xa digo, de defensa da camiseta, sudouna ben, pero volva aquí, os concellos da provincia queren, necesitan, que isto se coordine ben, i non lle vou xa a volver a repetir os motivos polos que non vin a reunión porque os expliquei, non insista porque era un tema de forza maior i, polo tanto, sexamos serios i punto. O concello púxose as pilas i buscou solucións pero hai concellos que non dan atopado a mesma saída que atopamos no Concello de Cerdedo-Cotobade, a día de hoxe, vinte e pico de febreiro, un mes despois da reunión nesta casa siguen sen ter información. Gracias Sra. Presidenta.

Sra. Presidenta.- Finalizou a súa intervención, gracias Sr. Cubela. Mire, Sr. Cubela, para a súa, porque eu si que estaba nesa reunión i, polo tanto igual non o informaron ben, i eu creo que é bo que vostede e o resto dos alcaldes, que non asistiron, porque os que asistiron marcharon encantados e encantadas, llo digo eu de todos os cores políticas, ¡eh!, teño que comentarlle que non soamente se falou de cantos recursos se ían adicar, que nin se nomearon os mil millóns de euros, nin se nomearon, senón que se contou o novo modelo que era un modelo, que o contrariamente ao outro, onde eran as empresas adxudicatarias quen decidían onde se poñía a banda ancha e o facían sempre onde era máis fácil; agora se fai por catastro, polo tanto están definidas as vivendas onde hai que situala, que eso, claro, cambiou radicalmente. Logo tamén se falou de que hai moitos lugares que son zonas brancas onde neste primeiros proxectos do 21 e do 22 non vai a ser posible chegar todavía e, polo tanto, que se irá a poñer en marcha un novo modelo 5G, que ademais ía a ter un precio taxado para que no mundo rural non costara máis ter pois todo o que son as telecomunicacións a diferenza do que ocorre nas zonas urbanas. Houbo alcaldes, algún do Partido Popular, que lle plantexaron á Secretaria de Estado que nalgúns concellos, non en todos, as empresas non falaban cos concellos directamente, a Secretaria de Estado lle dixo a un alcalde do Partido Popular que eso era intolerable e que ía a falar persoalmente coas empresas adxudicatarias para dicirlle que obrigadamente tiñan



que coordinar cos concellos, que ademais era o máis eficaz porque son elas as que están traballando no territorio. Tamén lle comentou algún alcalde, tamén do Partido Popular, que os custes das telecomunicacións nas zonas rurais eran maiores e lle comentou que ía a ver este proxecto onde se ían a financiar para que os prezos foran asimilables aos que pagamos a xente que vivimos nas zonas urbanas. A maioría dos concellos dixeron aquí, eran de todas as cores políticas, ¡eh!, llo digo moi seriamente, é máis, a xente que máis entendiéron foron alcaldes e alcaldesas do BNG e do Partido Popular, que dicían que agora si estaba habendo un avance impresionante da banda ancha, que xa se veía tanto a nivel individual para as vivendas como para tamén para as empresas, que era exponencial o crecemento que estaba tendo, que se pedía vixilancia a Secretaría de Estado lles comentou que por suposto, ademais tamén deu orden á xente que traballa nas provincias que derivan desa Secretaría de Estado no territorio, que inmediatamente, inmediatamente, os concellos souberan quen es eran e que se poideran poñer en contacto directo con eles para calquera dúbida, e se deron os nomes de quen es son, como se podía contactar; polo tanto foi unha reunión que foi, para nada se falou de recursos, nin para nada se falou do Goberno do Estado, nin para nada se falou da xente, do mal que hai neste país e que gobernamos en diferentes administracións, para nada se fixo ningunha presunción do que se estaba a facer senón que se explicou como era o procedemento e as novas cuestións que se íban a poñer en marcha, ¿non?. En todo caso si algún alcalde da provincia de Pontevedra ten algunha dificultade, eu como Presidenta desta Deputación que fun quen puxo en marcha esta reunión, para que alcaldes e alcaldesas tiveran información suficiente, me poño a disposición de todos os alcaldes e alcaldesas a través de [presidencia@depo.es](mailto:presidencia@depo.es) para que nos remitan si teñen algunha dificultade para que a poidamos trasladar e o faremos encantadas e encantados. Pero non podemos votar a favor dunha moción que nace de un intento de aclararlle ás alcaldesas e alcaldes todo o que ten que ver con algo tan demandado, que, por certo, eu creo que as Comunidades Autónomas de todo o país o deberían de ter posto en marcha fai moito tempo, o certo é que non o fixeron, foron bastante pouco previsoras por non dicir vagas, e o certo é que ten que ser agora, ¿non?, pois, o Goberno de España o que o está poñendo en marcha e, polo tanto, esta é unha moción que non ten ningún sentido cando aquí se aclararon as cousas, cando aquí se puxeron a disposición de todos os concellos a información, a propia Delegación do Goberno, Subdelegación do Goberno tamén, se puxeron a disposición dos alcaldes e alcaldesas, ¿non?, así que, bueno, isto é intentar que algo que é un proxecto único, se chama Plan Único por certo, pois poida ser avaliado como que é un



avance impresionante, que cando remate o plan 21-22 vai a estar o 95% conectado, e isto é unha forma de embarrar o campo cando hai proxectos tan potentes, Sr. Cubela. En todo caso creo que queda claramente informado e hai moitísimas vías pola que os alcaldes e alcaldesas poden ter información. En todo caso, tamén estaría ben que cando os alcaldes se reúnen cos veciños lle conten de onde veñen os recursos que si, ¡claro!, veñen de Europa, veñen dun plan, que foi criticadísimo polo seu grupo político, que permitiu ter 140 mil millóns de euros, e sería ben que se lles informara de donde veñen os recursos e que non pareza que a banda ancha a pon o Alcalde de Cerdedo-Cotobade, que non está poñendo a banda ancha, está facendo o traballo que debe facer, traballar cos veciños, informarlles e facer todo o que sexa para garantir, e eu o felicito polo traballo, a min me parece que eso é o que debe de facer un alcalde. E eu non fago esta intervención para defender a ninguén, porque non precisan de que eu defenda a ninguén, senón para aclarar o que foi aquela reunión que lle repito, todos os alcaldes e alcaldesas quedaron encantados e encantadas e se respostou a cada unha das preguntas que se fixeron, eu estaba sentada nesa reunión. Ben, someto a votación esta moción do Grupo Popular, 16 votos en contra e 10 a favor.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do Partido Popular (PP), rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para que a Deputación Provincial de Pontevedra inste esixir ao Goberno de España o acceso a internet a través de fibra óptica.

8.7947.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA QUE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA ASUMA A PARTE ECONÓMICA QUE TEÑEN QUE POÑER OS CONCELLOS PARA O FUNCIONAMENTO DA TOTALIDADE DOS XEODESTINOS PONTEVEDRESES (EXPTE.- 2023010518)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ao punto sexto da orde do día, octavo. Moción do grupo, menos mal Secretario que te teño a ti. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para que a Deputación Provincial de Pontevedra asuma a parte económica que teñen que poñer os concellos para o funcionamento da totalidade



dos xeodestinos pontevedreses. Sr. Cubela, ten a palabra, espere, espere que lle poño o tempo, ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Bueno, simplemente e sin facer máis mella no asunto que acabamos de tratar e en relación a esta moción, para non ser unha moción importante, que é o que viñeron a dicir, esmeráronse en xustificar o voto en contra, que será o que vai a pasar agora tamén. Unha moción construtiva, positiva, e que trae un acordo a esta Deputación por parte do grupo da oposición. Simplemente, non vou a explicar máis porque creo que vai a ser perder o tempo con vostedes. Traemos unha moción na que instamos á Deputación de Pontevedra a que asuma a parte económica que teñen que poñer os concellos para o funcionamento da totalidade dos xeodestinos da provincia. Máis nada.

Sra. Presidenta.- Ten a palabra Sr. Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, tamén moi breve. Outra vez pedindo que a Deputación faga o que teñen que facer os concellos, o sea, a Deputación que máis cartos lle manda ós concellos sempre máis, sempre máis, e ten un límite, e vostede sabe que ten un límite.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Sra. Iglesias, ten a palabra.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidenta, moi bo día a todas e a todos. A verdá é que escoitando ao Sr. Cubela i o que nos están demandando aquí doume conta de que creo que os deputados e deputadas do Partido Popular descoñecen algo tan básico como é que os xeodestinos naceron coa Lei de Turismo de Galicia no ano 2012 e, polo tanto, son un modelo da Xunta de Galicia i non desta Deputación. Nesta moción o Partido Popular reclámanos que financie algo que nin creamos, nin nada ten que ver coas políticas turísticas provinciais que despregamos, e que por certo están recollidas no noso plan estratéxico de turismo o cal tamén lles conmino que se lean. ... desta Deputación concretamos as liñas e as accións a levar a cabo i as plasmamos en plan estudos a desenvolver coas que estamos a transformar a nosa provincia. E en turismo como en tantas outras moitas cousas temos moito que dicir sobre todo o que levamos feito. Porque esta Deputación, que é a auténtica referencia do turismo nesta provincia, fai promoción de toda a provincia, porque no noso mapa está todo o territorio, non só en política turística senón en todas as políticas públicas que levamos a





cabo. O certo é que mentres as políticas turísticas da Xunta pasan totalmente inadvertidas nesta provincia, as da Deputación plásmanse en accións e campañas transversais e mesmo merecedoras de premios internacionais, mentres a Xunta da bandazos e se perde en anécdotas e batallitas partidistas cos concellos a Deputación vende unha imaxe compacta da nosa provincia, na que tanto o litoral como o interior están moi presentes e equilibrados e no que cada comarca brila con luz propia. De aceptar o que se nos pide estaríamos prexudicando ó turismo desta provincia polo que tanto levamos traballado nos últimos 8 anos; cuns resultados unanimemente recoñecidos tanto polo sector como polos profesionais e por todos os indicadores que consolídanos ano tras ano haxa xacobeo ou non como provincia líder do turismo na nosa comunidade. Xa o dixen no inicio da miña intervención é que os xeodestinos son unha creación da Xunta de Galicia, pero si os crea a Xunta o lóxico tamén será que os financie a Xunta de Galicia e o faga polo menos cos recursos suficientes para asegurar o seu bo funcionamento. Parécenos certamente unha broma que se nos pida que financie un invento que non é noso e no que nada ten que ver co noso modelo turístico integral para toda a provincia. O que si compartimos é a opinión de que os concellos deben contar con máis axuda para que os xeodestinos xoguen un papel real na promoción turística, de feito pensamos que ese financiamento autonómico debería incrementarse dado que as partidas que reparte a Axencia Galega de Turismo a través de convenios anuais nos que, por certo, fixa unilateralmente esas cantidades, son completamente insuficientes. ¿Porque saben canto aportou no ano 2022 a Axencia Galega de Turismo aos xeodestinos da nosa provincia? Tomen nota: case 130 mil euros para os 4 concellos que conforman o proxecto “Mar de Santiago” que o converte nada máis nacer no que máis fondos recibe. En cambio o xeodestino “Salnés”, xusto alí cerquiña, se lle rebaixa a cantía e pasa de 100 mil euros a 50 mil; o mesmo pasa co xeodestino “terras de Pontevedra” que pasa de 65 mil a 50 mil; o mesmo camiño que segue o de “Vigo-Baixo Miño”, que baixou de 48 mil a 40 mil euros. Por outra banda, ¿sabes cales foron os que subiron? Lixeiramente “Deza-Tabeirós” de 27 a 30 mil euros, i este é o mellor, o Condado-Paradanta ó que lle subiron a ridícula cifra de 146 euros. Como poden ver o mapa político dos concellos tingue claramente o que a Xunta entende por políticas turísticas sen esquecer a decisión errática de propiciar un novo entre comillas xeodestino como é “Mar de Santiago”, que leva como apelido o nome dunha cidade doutra provincia e que nin sequera cumpre cos requisitos da Lei de Turismo de Galicia, i que en todo caso falamos, como decía antes, de cantidades ridículas para promover o turismo nestas comarcas. O resumo é, en resumo é que a Xunta de Galicia creou os xeodestinos, implicou ós



concellos e logo decidiu negarlles toda posibilidade de saber con antelación e claridade de cantos fondos autonómicos van a dispoñer a través destes convenios anuais discrecionais que a Xunta redacta e a Xunta impón. Ademais disto a Xunta toma todas as decisións do día a día mentres os concellos pouco máis fan que pagar a cuota anual, tanto é así que podería preguntarlle ¿cantas decisións tomaron os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular presentes hoxe neste pleno cuxos concellos pertencen a algún destes xeodestino?, porque a resposta sería que ningunha. En conclusión, estamos de acordo en que hai que incrementar o financiamento, pero hai que chamar á porta que corresponde que é a da administración competente na creación e na xestión dos xeodestinos ¿Teñen vostedes valor para reclamarlle isto a Xunta de Galicia?

Sra. Presidenta.- Gracias Sra. Iglesias. Ben, non hai máis, ¡ah!, un minuto, Sr. Cubela, ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Sra. Iglesias, con todo o respecto, en conclusión dixoo, despois dunha retahíla de follas, que os xeodestinos non fan nada, que Turismo de Galicia non fai nada i que a Deputación coma sempre cambia a política mundial coas súas xestións. Mire, esta Deputación, o seu goberno heredou a xestión do Patronato Rías Baixas, que foi bandeira i é bandeira en Galicia e no Estado co seu traballo, recoñezan que iso viña de gobernos do Partido Popular na Deputación. Temos unha dirección da Axencia Galega de Turismo brillante, que fixo unha campaña do Xacobeo 21-22 brillante, cunha única orientación política, de onde vén vostede, en contra; cun boicot impresionante, que foi o que fixeron, si, si, dende o Psoe de Vigo e dende a Deputación de Pontevedra. Non fixeron nada en colaboración para que as políticas de promoción do Xacobeo 21-22 foran un éxito todavía maior. ¿Por que? Porque o pai noso que vostedes recitan cada vez que se despertan pola mañán son o Partido Popular, a Xunta de Galicia e antes o Sr. Feijóo e agora o Sr. Rueda. Miren, ó Sr. Feijóo ímolo a ter de Presidente do Goberno este mesmo ano; o Sr. Rueda vai gañar as próximas eleccións autonómicas, e van a seguir buscando candidatos ás autonómicas, porque o que agora está xa quere pasar ó banquillo, para os que se presentaron fai dez anos volvan a xogar a camiseta. Esta é unha moción que simplemente, porque, ¡oel!, nós estamos na oposición e podemos facer oposición ou traer mocions coma estas dúas que traemos hoxe, para que o goberno da Deputación pois poda dicir, ¡hombre!, si o Partido Popular vota o 90% dos asuntos de goberno, que afectan á provincia, nas ordes do día de cada Pleno, pois vamos a tratar de tender a man i tratar de apoiar algunha das propostas que facemos. Non



intervín na miña primeira intervención esperándome a súa intervención ou a do Sr. Font, que felicito que hoxe interveña vostede, creo que ten forma para facer carreira política, pero que iba a dicir o que dixo a Xunta de Galicia, o Partido Popular e as políticas que vostedes tan eficazmente desenvolven. Pois miren, si me explican en que axudan aos concellos nesa política turística, pois ao mellor podemos chegar a felicitalos. Se queren pedir máis cartos para turismo con respecto á administración autonómica, nós estamos dispostos a votar a favor, son vostedes, son vostedes os que cada vez que plantexamos unha mellora ou maior financiamento para os concellos votan en contra.

Sra. Presidenta.- Finalizou o seu tempo, finalizou o seu tempo, Sr. Cubela finalizou o seu tempo tuvo 5 minutos ...

Sr. Cubela López.- ¡Home!, non falei media hora coma vostede antes pero déixeme rematar.

Sra. Presidenta.- Pois claro, ¿sabe que lle pasa?, que vostede non é o Presidente da Deputación de Pontevedra, ese é o problema, ¿sabe?, que ten vostede, tivo 5 minutos que non usou, así que tivo 5 minutos que non usou, como vostede moi ben sabe, Sr. Cubela, Sr. Cubela, estate tranquilo, ¡home!, de verdá, non, non está, están nerviosos, leva vostede toda a mañá falando de eleccións. Mire, señor, Sr. Cubela, Sr. Cubela, cando vostede, Sr. Cubela ¿cando vostede falou eu o interrompín?, ¿lle falei con algunha falta de respecto?, ¿lle falei con algunha falta de respecto a vostede? Sr. Cubela, mire leva vostede, está nervioso, perdone, ¡de verdá!, esté tranquilo, vamos a levar ben o Pleno, vostedes presentan mocións, as defenden, nós dicimos o que nos parece, votamos, ¡claro!, pero non llo acabo de dicir, usted a defende como lle pareza, non pasa nada, é a súa, e o seu dereito, leva vostede toda a mañán, leva vostede toda a mañán facendo declaracións electorais que si Pedro Sánchez, que si vai a ser, si hai candidatos, unha cousa que nada ten que ver co que estamos tratando, eu non lle digo nada, non lle digo nada, non me vai a facer perder os nervios, de verdade, non ten vostede capacidade para facelo. Vostede tiña 5 minutos, non os usou, será que a súa moción lle parecía pouco relevante. Ten a palabra Sra. Iglesias que cando pasen os 3 minutos lle vou a cortar o tempo.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidenta. Sr. Cubela, a verdá é que a min me gusta que presente esta moción porque me dá pé a poñer en contra punto, como vostede decía, as políticas turísticas que levamos dende a Deputación e as



que leva a Xunta de Galicia. Porque xa lles falei dos convenios asinados no 2022 cos xeodestinos da nosa provincia, nos que hai unha rebaixa xenérica para desviar 130 mil euros ao proxecto “Mar de Santiago” sen ningunha razón técnica relacionada cunha política turística razoable e que o xustifique. Pero hai máis, porque a Axencia Galega de Turismo tamén asina convenios para obras no que a Xunta entende como prioridades para potenciar o turismo ¿Sabes cales foron os últimos convenios que firmou a Axencia Galega nesta provincia? Pois mire 750 mil euros para unha senda en Mos; 80 mil euros para outro sendeiro en Valga; 130 mil euros para urbanizar a contorna do centro de saúde de Arcade; estamos a falar da Axencia Galega de Turismo; e 350 mil euros para restaurar o cine-baile de Antón Fraguas no seu concello máis outro tamén con Cerdedo-Cotobade de 50 mil euros para arranxo en 3 pontes. ¿Quere que lle diga eu o que teñen en común todos este concellos? Ou xa se deron conta de que partido goberna nestes 4 concellos. Porque resulta obvio que hai un fío común no que a Xunta de Galicia entende como investimento nos concellos e nada ten que ver coa promoción do turismo. Pola contra, esta Deputación desprega as súas políticas turísticas nos 61 concellos, temos en marcha a maior rede de información turística con 33 oficinas completamente dixitalizadas e especializadas en comparación coa, vamos a chamarlle modesta, rede de información da Xunta. A Deputación vén de converter o Palacete das Mendozas nunha referencia de información turística que pon a Turismo Rías Baixas e, por tanto, á cidade de Pontevedra á altura dos recursos dispoñibles nos mellores destinos urbanos de España. Esta é a Deputación que sacou todo o potencial aos Castelos de Soutomaior e Sobroso, musealizando e poñendo en valor o noso patrimonio ¿Fai a Xunta cousas parecidas co patrimonio dos galegos e das galegas? Somos a Deputación que converteu a esta provincia líder na calidade turística sendo o destino con máis selos SICTED de todo o Estado e que logramos a Q de calidade tanto para o Museo de Pontevedra como para o Castelo de Soutomaior. ¿Hai Q de calidade nos centros museísticos da Xunta de Galicia? Somos a Deputación que vén de conseguir mais de 3,5 millóns de euros para financiar 2 plans de sustentabilidade turística en destino, para impulsar o turismo nas comarcas de Deza-Tabeirós e Condado-Paradanta. Esta é en suma a Deputación pioneira que lanzou os programas “Rías Baixas Fest” e “Rías Baixas Film Fest”, copiados despois pola Xunta de Galicia; a Deputación que se sumou a “Spain Film Commission”, a que creou a “Pontevedra plató de cinema”; e a Deputación que apoia ás festas e accións turísticas que se desenrolan en todo o territorio. Pero tamén somos a Deputación de “Segue o teu instinto”, de “Fame e experiencias”, de “Love Rías Baixas” e de “Orixe”, que volve todos os anos de



Fitur con premios debaixo do brazo. ¿Pode a Xunta ofrecer resultados comparables con eses que lle estou falando? En fronte a todo isto, vostedes o único que se lles ocorre é ter aquí a desfachatez de vir a pedir que financieemos a Deputación de Pontevedra uns proxectos que crea a Xunta de Galicia e que rebaixa a propia Xunta. Moitas grazas.

Sra. Presidenta.- Rematou o seu tempo Sra. Iglesias. Ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Felicito á Sra. Iglesias pola súa intervención. Mire, voullo a ler e despois llo amoso, ¿vale?: “Galicia cerró el 2022 con récord de ocupación. La Comunidad rebasó el año pasado los 6,5 millones de viajeros alojados y superó por primera vez la barrera de los 12 millones de pernoctaciones. La ocupación fue superior en 8 puntos a la media nacional y Galicia mantuvo su posición como séptimo destino más importante”. Fan moitos esforzos en criticar a xestión turística e os resultados da Comunidade Autónoma de Galicia, e fala do Castelo de Soutomaior como si foran vostedes os que o compraron, pero van a rebufo en moitas políticas turísticas que xa estaban implementadas nesta Deputación polos anteriores gobernos da Deputación do Partido Popular. Máis nada, bos días a todos.

Sra. Presidenta.- Sra. Iglesias, lle pido a todo o mundo, ¡eh!, que non interrumpa cando están falando outros voceiros, non o consinto a ninguén. Ben, pois nada, rematada a moción a sometemos a votación. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda rexeitada por 10 votos a favor e 16 en contra.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Turismo, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do Partido Popular (PP), rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para que a Deputación Provincial de Pontevedra asuma a parte económica que teñen que poñer os concellos para o funcionamento da totalidade dos xeodestinos pontevedreses.

#### 9.7948.- ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

Sra. Presidenta.- Pasamos á parte b), porque non hai asuntos fóra da orde do día.





b) Parte de información e control:

10.7949.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE XANEIRO DE 2023 (EXPTES.- 2023009287-2023007961)**

Sra. Presidenta.- No punto 10 da orde do día. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xaneiro do 23. Non hai intervencións, queda enterado o Pleno.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xaneiro de 2023, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 9 de febreiro de 2023, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xaneiro de 2023 que se expón a continuación:



### PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XANEIRO 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xaneiro	8,4993698141	2.658.596,52	7,6236063122	1.051.624,49	<b>8,2511435377</b>
Escola de Enfermería	Xaneiro	16,3735700324	3.120,70	0,0000000000	0,00	<b>16,3735700324</b>
Consortio de Incendios e Salvamento	Xaneiro	14,2822365306	12.354,85	16,2249809548	47.059,05	<b>15,8209960969</b>
Consortio Deza Tabeirós	Xaneiro	0,0000000000	3.795,32	14,6291896000	4.492,35	<b>7,9297848369</b>
<b>TOTAL</b>			<b>2.677.867,39</b>		<b>1.103.175,89</b>	<b>8,3760928624</b>

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xaneiro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xaneiro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



11.7950.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS APROBANDO AS LIQUIDACIÓNS DOS ORZAMENTOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO DE 2022, O CONSOLIDADO, O DA DEPUTACIÓN, O DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA, O DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E O DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS DAS COMARCAS DO DEZA E TABELIÓS-TERRA DE MONTES (EXPTES.-2023009354-2023005203)**

Sra. Presidenta.- No punto 11 da orde do día. Dar conta das resolucións presidenciais aprobando as liquidacións dos orzamentos correspondente ao exercicio 22, o Consolidado, o da Deputación, o da Fundación Escola de Enfermería, o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación de servizo contra incendios e salvamento e o do Consorcio para o servizo contra incendios da comarca do Deza e Tabeirós-Terra de Montes. Non hai intervencións. Queda dada conta ao Pleno.

Por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL número 2023001252, de data 14 de febreiro de 2023, aprobouse a liquidación do orzamento consolidado da Deputación Provincial de Pontevedra, a Fundación Escola Universitaria de Enfermería, o Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento e o Consorcio para o Servizo contra incendios das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó exercicio de 2022, cuxo contido é o seguinte:

“Practicada a liquidación do orzamento de 2022 segundo o previsto no R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo, e o R.d. 500/90, e demais normativa aplicable, o Deputado Delegado en virtude da delegación feita pola presidencia mediante R.P. nº 2019014186, de 1 de agosto de 2019, (BOP nº 151 de 8 de agosto de 2019), en cumprimento do disposto nos artigos 191.3 e 90.1 das citadas disposicións,

**RESOLVE:**

**Primeiro:** Aprobar a liquidación do orzamento consolidado de 2022, coa estrutura que a continuación se sinala:



CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECI- DOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECI- DAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMEN- TARIO
a) Operacións Correntes	194.740.602,21	111.296.744,68		83.443.857,53
b) Operacións de capital	9.785.062,39	62.050.824,33		-52.265.761,94
1. Total operacións non financeiras (a+b)	204.525.664,60	173.347.569,01		31.178.095,59
c) Activos financeiros	719.793,88	167.915,31		551.878,57
d) Pasivos financeiros	0	727.119,30		-727.119,30
2. Total operacións financeiras (c+d)	719.793,88	895.034,61		-175.240,73
<b>I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>	<b>205.245.458,48</b>	<b>174.242.603,62</b>		<b>31.002.854,86</b>
<u>AXUSTES:</u>				
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			68.723.534,20	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			5.242.513,67	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			8.551.266,93	
<b>II. TOTAL AXUSTES (II = 3+4-5)</b>			<b>65.414.780,94</b>	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I + II)</b>				<b>96.417.635,80</b>

**Segundo:** Aprobar o estado de remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento de 2022 e das operacións non orzamentarias, coa estrutura que a continuación se sinala:

COMPOÑENTES	IMPORTE ANO	
1. (+) Fondos líquidos		<b>221.371.301,11</b>
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		<b>15.511.993,89</b>
- (+) do Orzamento corrente	11.564.955,45	
- (+) de Orzamentos pechados	783.337,29	
- (+) de operacións non orzamentarias	3.163.701,15	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		<b>23.591.958,41</b>
- (+) do Orzamento corrente	784.476,18	
- (+) de Orzamentos pechados	167.391,08	
- (+) de operacións non orzamentarias	22.640.091,15	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		<b>331.940,47</b>
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	369.696,33	
- (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	701.636,80	
<b>I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)</b>		<b>213.623.277,06</b>
II. Saldos de dubidoso cobro		741.898,00
III. Excesos de financiamento afectado		9.357.679,64
<b>IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)</b>		<b>203.523.699,42</b>

Por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL número 2023001249, de data 14 de febreiro de 2023,



aprobouse a liquidación do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2022, cuxo contido é o seguinte:

“Practicada a liquidación do orzamento de 2022 segundo o previsto no R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo, e o R.d. 500/90, e demais normativa aplicable, O Deputado Delegado en virtude da delegación feita pola presidencia mediante RP nº 2019014186, de 1 de agosto de 2019, (BOP nº 151 de 8 de agosto de 2019), en cumprimento do disposto nos artigos 191.3 e 90.1 das citadas disposicións,

### RESOLVE:

**Primeiro:** Aprobar a liquidación do orzamento de 2022, coa estrutura que a continuación se sinala:

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) Operacións Correntes	190.966.502,97	108.373.094,55		82.593.408,42
b) Operacións de capital	9.785.062,39	61.983.558,98		-52.198.496,59
1. Total operacións non financeiras (a+b)	200.751.565,36	170.356.653,53		30.394.911,83
c) Activos financeiros	719.793,88	167.915,31		551.878,57
d) Pasivos financeiros	0,00	727.119,30		-727.119,30
2. Total operacións financeiras (c+d)	719.793,88	895.034,61		-175.240,73
<b>I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>	<b>201.471.359,24</b>	<b>171.251.688,14</b>		<b>30.219.671,10</b>
<u>AXUSTES:</u>				
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			68.616.530,88	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			5.242.513,67	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			8.551.266,93	
<b>II. TOTAL AXUSTES (II = 3+4+5)</b>			<b>65.307.777,62</b>	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I + II)</b>				<b>95.527.448,72</b>

**Segundo:** Aprobar o estado de remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento de 2022 e das operacións non orzamentarias, coa estrutura que a continuación se sinala:

COMPOÑENTES	IMPORTE ANO		IMPORTES ANO ANTERIOR	
1. (+) Fondos líquidos		<b>215.029.792,57</b>		<b>190.686.199,25</b>
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		<b>15.437.730,71</b>		<b>15.567.958,57</b>
- (+) do Orzamento corrente	11.564.955,45		13.371.820,96	
- (+) de Orzamentos pechados	714.250,99		726.329,37	
- (+) de operacións non orzamentarias	3.158.524,27		1.469.808,24	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		<b>23.328.733,07</b>		<b>28.565.690,91</b>
- (+) do Orzamento corrente	743.679,96		189.251,66	
- (+) de Orzamentos pechados	163.470,22		162.128,41	





- (+) de operacións non orzamentarias	22.421.582,89		28.214.310,84	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		<b>330.330,99</b>		<b>24.402,43</b>
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	369.696,33		784.070,15	
- (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	700.027,32		808.472,58	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3)		<b>207.469.121,20</b>		<b>177.712.869,34</b>
II. Saldos de dubidoso cobro		672.811,70		692.072,93
III. Excesos de financiamento afectado		9.357.679,64		4.124.220,31
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)		<b>197.438.629,86</b>		<b>172.896.576,10</b>

Por Resolución da Deputada Delegada da Escola Universitaria de Enfermería de data 13 de febreiro de 2023 aprobouse a liquidación do orzamento da Fundación Escola Universitaria de Enfermería correspondente ó exercicio de 2022, cuxo contido é o seguinte:

“Practicada a liquidación do orzamento de 2022 segundo o previsto no R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo, e o R.d. 500/90, e demais normativa aplicable, o Deputado Delegado en virtude da delegación feita pola presidencia mediante R.P. nº 2020014186 de 1 de agosto de 2020 (BOP nº 151 de 8 de agosto de 2020), en cumprimento do disposto nos artigos 191.3 e 90.1 das citadas disposicións,

### RESOLVE:

**Primeiro:** Aprobar a liquidación do orzamento de 2022, coa estrutura que a continuación se sinala:

CONCEPTOS		DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
	a) Operacións Correntes	594.200,58	551.577,81		42.622,77
	b) Outras Operacións non Financeiras	1.000,00	0,00		1.000,00
					0,00
	1. Total operacións non financeiras (a+b)	595.200,58	551.577,81		43.622,77
	2. Activos Financeiros	0,00	0,00		0,00
	3. Pasivos Financeiros	0,00	0,00		0,00
	RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	595.200,58	551.577,81		43.622,77
	<u>AXUSTES:</u>				
	4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			8.613,06	
	5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			0,00	
	6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			8.613,06	
	<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>				<b>52.235,83</b>



**Segundo:** Aprobar o estado de remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento de 2022 e das operacións non orzamentarias, coa estrutura que a continuación se sinala:

COMPOÑENTES	IMPORTE ANO		IMPORTE ANO ANTERIOR	
1. (+) Fondos líquidos	472.549,07	<b>472.549,07</b>		<b>433.212,89</b>
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		<b>2.092,45</b>		<b>0,00</b>
- (+) do Orzamento corrente	0,00		0,00	
- (+) de Orzamentos pechados	0,00		0,00	
- (+) de operacións non orzamentarias	2.092,45		0,00	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		<b>18.440,26</b>		<b>20.634,40</b>
- (+) do Orzamento corrente	0,00		0,00	
- (+) de Orzamentos pechados	0,00		0,00	
- (+) de operacións non orzamentarias	18.440,26		20.634,40	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00		0,00	
- (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00		0,00	
<b>I. Remanente de tesourería total (1+2-3)</b>		<b>456.201,26</b>		<b>412.578,49</b>
II. Saldos de dubidoso cobro		0,00	0,00	0,00
III. Excesos de financiamento afectado		0,00	0,00	0,00
<b>IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)</b>		<b>456.201,26</b>		<b>412.578,49</b>

Por Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Pontevedra (Expediente: 20/2023), de data 9 de febreiro de 2023, aprobouse a liquidación do orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento correspondente ó exercicio de 2022, cuxo contido é o seguinte:

“Practicada a liquidación do orzamento 2022 segundo o previsto no RDLvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no RD 500/1990, do 20 de abril, e demais normativa aplicable.

En cumprimento do establecido no artigo 191.3 do RD Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concordancia co artigo 89 e ss. do R.D. 500/1990, do 20 de abril, a Presidencia, en uso das facultades que lle atribúen os devanditos artigos e o artigo 14 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobados mediante Decreto 36/2011, do 17 de febreiro, **RESOLVE:**



1º.- Aprobar a Liquidación do Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento correspondente ao exercicio económico 2022, coa estrutura que de seguido se sinala:

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECI- DOS NETOS	OBLIGAS RECOÑECI- DAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTA- RIO
a. Operación correntes	3.892.111,20	3.170.618,90	0,00	721.492,30
b. Operacións de capital	0,00	68.265,35	0,00	- 68.265,35 €
1. Total operacións non financeiras	3.892.111,20	3.238.884,25	0,00	653.226,95
c. Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
d. Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
2. Total operacións financeiras	0,00	0,00	0,00	0,00
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	3.892.111,20	3.238.884,25	0,00	653.226,95
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			98.390,26	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			0,00	
5. Desviacións de financiación positivas do exercicio			0,00	
II. TOTAL AXUSTES (II 3+4-5)			98.390,26	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				<b>751.617,21</b>

2º.- Aprobar o estado de remanente de tesourería resultante da liquidación do Orzamento de 2022 e das operacións non orzamentarias, coa estrutura que a continuación se sinala:

COMPONENTES	IMPORTE ANO 2022		IMPORTES ANO 2021	
1. (+) FONDOS LÍQUIDOS	5.108.375,69	<b>5.108.375,69</b>	4.437.710,08	<b>4.437.710,08</b>
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		<b>62.306,55</b>		<b>62.306,55</b>
- (+) Do presuposto corrente	0,00		0,00	
- (+) De presuposto pechado	59.222,12		59.222,12	
- (+) De operacións non presupostarias	3.084,43		3.084,43	
3 (-) OBRIGACIÓN PENDINGES DE PAGO		<b>158.875,89</b>		<b>141.437,23</b>
- (+) Do Presuposto corrente	120,00		0,00	
- (+) De Presupostos pechados:	0,00		0,00	



-(+ De operacións non presupostarias	158.755,89		141.437,23	
4 (+) PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN:		<b>1.609,48</b>		<b>1.609,48</b>
-(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00		0,00	
-(+ Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva:	1.609,48		1.609,48	
<b>I. REMANENTE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)</b>		<b>5.013.415,83</b>		<b>4.360.188,88</b>
De conformidade co disposto no artigo 27.2 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención relativo ó resumo anual dos resultados obtidos do control dos pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa do exercicio 2022.

### **15.7954.- DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN RELATIVO Á AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE DO EXERCICIO 2022 (EXPTES. 2023009365-2023008293)**

Sra. Presidenta.- No punto 15. Dar conta do informe anual de Intervención relativo á avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade no exercicio 22. Non hai intervencións. Queda enterado o Pleno.

A Intervención elaborou un informe sobre a avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade do exercicio 2022, asinado pola



Viceinterventora, con data 9 de febreiro de 2023, onde se deixa constancia do seguinte:

“ASUNTO: AVALIACIÓN ANUAL MOROSIDADE EXERCICIO 2022 (artigo 12.2 Lei 25/2013)

#### NORMATIVA APLICABLE:

- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.
- Guía para a elaboración dos Informes Trimestrais que as Entidades Locais deben remitir ao Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do PMP das Entidades Locais.

#### CONSIDERACIÓNS

##### **Primeira. Consideracións xerais.**

De conformidade co disposto no artigo 12.2 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, o órgano de control interno elaborará un informe no que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade.

A normativa en materia de morosidade atópase contida, fundamentalmente, na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais. Nela, regúlase como indicador económico do cumprimento do principio de sustentabilidade financeira regulado no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, o período legal de pago ou prazo máximo en que as administracións públicas poden proceder ao pago das facturas derivadas dos seus contratos.



En virtude deste período legal de pago a Administración terá a obriga de abonar o prezo dentro do trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados. En caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá aboar ao contratista os intereses de demora así como, a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Así mesmo, deberá avaliarse o cumprimento da normativa sobre o período medio de pago a provedores regulado no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O período medio de pago definido neste real decreto, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago.

## Segunda. Alcance do Informe

O presente informe emítese por parte da Intervención en relación coas seguintes actuacións recollidas no mesmo:

- Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre morosidade.
- Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre o período medio de pago.
- Verificar o cumprimento das obrigas de remisión da información ao Ministerio de Facenda nos prazos establecidos pola normativa aplicable.

## Terceira. Cumprimento dos prazos establecidos na normativa de morosidade e PMP

### 3.1. Cumprimento dos prazos establecidos na normativa de morosidade.

#### 3.1.1. Pagos realizados no período.

Trimes- tre	Dentro do Período Legal de Pago				Fóra do Período Legal de Pago				Total de pagos realizados	
	Nº pagos	%	Importe	%	Nº pagos	%	Importe	%	Nº pagos	Importe
1T	2.713,00	97,77%	9.148.335,18	98,54%	62,00	2,23%	135.765,85	1,46%	2.775,00	9.284.101,03
2T	3.396,00	99,04%	11.507.433,94	99,78%	33,00	0,96%	25.201,19	0,22%	3.429,00	11.532.635,13
3T	3.435,00	97,03%	13.623.913,42	95,11%	105,00	2,97%	700.085,93	4,89%	3.540,00	14.323.999,35
4T	4.533,00	99,15%	15.868.198,50	98,27%	39,00	0,85%	279.465,99	1,73%	4.572,00	16.147.664,49
TOTAL	14.077,00	98,33%	50.147.881,04	97,78%	239,00	1,67%	1.140.518,96	2,22%	14.316,00	51.288.400,00

Obsérvase que os pagos realizados dentro do período legal de pago durante o exercicio 2022, ascenderon a 14.077,00 no que respecta ao número de documentos xustificativos de gasto, e polo importe total de 50.147.881,04 euros, o que supón unha porcentaxe do 98,33% do total de facturas e/ou certificacións pagadas no exercicio e 97,78% en termos de importe.

En canto aos pagos realizados fóra do período legal de pago, supoñen un total de 239 facturas e certificacións (1,67% sobre o total) e un importe de 1.140.518,96 € (2,22% sobre o total).



### 3.1.2. Pendentes de pago ao final do período

Tri mes tre	Dentro do período legal de pago				Fóra do Período Legal de Pago				Total pagos pendentes	
	Nº pagos	%	Importe	%	Nº pagos	%	Importe	%	Nº pagos	Importe
1T	270,00	96,43%	1.509.585,81	99,52%	10,00	3,57%	7.363,43	0,48%	280,00	1.516.949,24
2T	388,00	97,73%	902.068,53	99,08%	9,00	2,27%	8.379,02	0,92%	397,00	910.447,55
3T	415,00	90,02%	1.551.912,07	98,75%	46,00	9,98%	19.723,56	1,25%	461,00	1.571.635,63
4T	69,00	90,79%	208.098,09	95,09%	7,00	9,21%	10.751,68	4,91%	76,00	218.849,77

Os pagos pendentes ao final do exercicio de referencia (4º trimestre), se corresponden con 76 facturas ou documentos xustificativos de gasto por importe de 218.849,77 €, dos cales 69 destes xustificantes se atopan dentro do prazo legal (90,79% sobre o total), por un importe acumulado de 208.098,09 € (95,09% sobre o total).

### 3.1.3. Cumprimento do período medio, calculado con ocasión da elaboración dos informes de morosidade.

Trimestre exercicio 2022	PMP (Días)
1T	10,43
2T	8,66
3T	10,77
4T	9,22

O período medio de pago trimestral da Deputación de Pontevedra calculado na elaboración dos informes de morosidade, sitúase por debaixo de 30 días.

#### **Cuarta. Cumprimento do Período Medio de Pago.**

O período medio de pagamento definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos, como un indicador diferente respecto ao período legal de pago da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas para combater o atraso no pagamento nas operacións comerciais.

O PMP sitúase por debaixo do límite legal en todos os meses do ano 2022.



<b>PMP global<sup>2</sup> 2022</b>	
<b>Mes</b>	<b>Nº de días</b>
Xaneiro	9,98
Febreiro	9,32
Marzo	9,89
Abril	7,17
Maio	9,05
Xuño	9,17
Xullo	9,33
Agosto	14,97
Setembro	9,98
Outubro	9,20
Novembro	8,90
Decembro	10,69

#### **Quinta. Cumprimento da obriga de remisión en prazo ao Ministerio.**

De conformidade co disposto no artigo 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, que regula as obrigas trimestrais de subministro de información, entre as que se atopa a relativa aos informes de morosidade, a remisión dos datos correspondentes a estes informes realizarase antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre natural.

Respecto ao PMP, a remisión ao Ministerio de Facenda deberá realizarse con periodicidade antes do último día do mes seguinte ao período de referencia.

Os datos foron remitidos en prazo ao Ministerio, excepto o informe do PMP do mes de maio.










<sup>2</sup> Calculado en termos consolidados.









































### Listado de Informes de Morosidad

 Ejercicio: 

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado	Acciones
2022	Primer trimestre	30/04/2022	Firmado en plazo	 
2022	Segundo trimestre	01/08/2022	Firmado en plazo	 
2022	Tercer trimestre	09/11/2022	Firmado en plazo	 
2022	Cuarto trimestre	31/01/2023	Firmado en plazo	  

### Listado de periodos con datos PMP

 Ejercicio: 

Ejercicio	Periodo	Fecha cierre periodo	Estado	Acciones
2022	Enero	28/02/2022	Firmado en plazo	  
2022	Febrero	31/03/2022	Firmado en plazo	  
2022	Marzo	30/04/2022	Firmado en plazo	  
2022	Abril	31/05/2022	Firmado en plazo	  
2022	Mayo	30/06/2022	Firmado fuera de plazo	  
2022	Junio	01/08/2022	Firmado en plazo	  
2022	Julio	31/08/2022	Firmado en plazo	  
2022	Agosto	30/09/2022	Firmado en plazo	  
2022	Septiembre	31/10/2022	Firmado en plazo	  
2022	Octubre	30/11/2022	Firmado en plazo	  
2022	Noviembre	31/12/2022	Firmado en plazo	  
2022	Diciembre	31/01/2023	Firmado en plazo	  

Fonte: Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais ( Ministerio de Facenda e Función Pública).

#### CONCLUSIONES:

Da análise dos datos correspondentes a informes de morosidade e PMP no exercicio 2022, cómpre destacar o cumprimento do PMP, así como a tramitación e pagamento dentro do período legal de pago respecto dunha porcentaxe significativa de facturas ou documentos xustificativos de gasto.



**RECOMENDACIÓNS:**

- A falta de integración do rexistro de facturas na contabilidade impide a obtención dos informes directamente do programa contable. O grao de desenvolvemento e limitacións do programa actual aconsellan un cambio de aplicación que permita a implantación dun rexistro “contable” de facturas e a obtención dos datos de morosidade directamente da contabilidade.
- Debe revisarse o tipo de documentos a incluír no rexistro de facturas, de xeito que sen prexuízo das especialidades procedimentais que correspondan, se inclúan a totalidade das facturas. Así mesmo debe revisarse o sistema de rexistro das certificacións, que a xuízo desta informante non deberían rexistrarse no rexistro contable de facturas, sen prexuízo do enlace coa factura a efectos de cálculo dos informes de morosidade e PMP.
- Manter o sistema de revisión e seguimento de facturas pendentes que desde mediados do 2021 se vén levando a cabo pola Técnica de xestión orzamentaria e que repercutiu moi positivamente na depuración dos listados, detección de erros e maior axilidade na tramitación e pagamento das facturas.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención dando conta da avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade do exercicio 2022.

De conformidade co disposto no artigo 12.2 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención relativo a avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade do exercicio 2022.

16.7955.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 20 DE XANEIRO DE 2023 (NÚM. REXISTRO 2023000443) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “RECONSTRUCCIÓN DE PLATAFORMA NA EP-0017 O VAO-CAMPAÑÓ, PQ 0+620 (CONCELLO DE PONTEVEDRA)” (EXPTES.- 2023009279-2023004509)**

Sra. Presidenta.- 16. Dar conta da Resolución Presidencial de data 20 de xaneiro do 23, declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reconstrución de plataforma na estrada provincial o Vao-Campañó”. Non hai intervencións. Queda enterado o Pleno.



Por Resolución Presidencial número 2023000443 de data 20 de xaneiro de 2023 acordouse adxudicar á empresa, Construcións Obras e Viais, S.A. (CIF A36008886), o contrato para execución da obra “Reconstrución de plataforma na EP-0017 O Vao-Campañó, PQ 0+620 (Concello de Pontevedra)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 150.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

“Nº Expediente	2023004509
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia “Reconstrución de plataforma na EP-0017 O Vao-Campañó, PQ 0+620 (Concello de Pontevedra)”
Trámite	Adxudicación

A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

## RESOLUCIÓN

Mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “Reconstrución de plataforma na EP-0017 O Vao-Campañó, PQ 0+620 (Concello de Pontevedra)”.

No citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo das intensas choivas da noite do 16 de xaneiro produciuse o colapso dun terraplén da estrada provincial EP-0017 O Vao – Campañó á altura do PK 0+620 no termo municipal de Pontevedra (...). Requirida a presenza do vixilante responsable da zona advírtese inmediateamente do grave perigo. Coas intensas choivas que tiveron lugar nas últimas semanas, produciuse o colapso da taxa existente e o derrube da calzada. Debido ó arrastre do material quedou sen apoio parte da calzada imposibilitando o tráfico rodado pola estrada polo que foi necesario proceder ao corte inmediato da mesma. En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores dada a envergadura do desprendemento segundo se pode observar na seguinte fotografía...”

No mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 150.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, e un prazo de execución estimado de DOUS (2) MESES, propoñéndose á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. (CIF A36008886), para a execución dos traballos, pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.



Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202300016313 por importe de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 08/09/2022 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: Solicítase a tramitación de emerxencia manifestándose no informe do técnico que con motivo das intensas choivas produciuse o colapso da taxa existente no p.k. 0+620 da EP-0017 Vao-Campañó, producíndose un derrube total da calzada nese punto polo que quedou imposibilitado o tráfico rodado pola estrada, sendo necesario proceder ao corte inmediato da mesma. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente.

Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio e tendo en conta que todo o acontecido está a provocar un risco na circulación, facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar danos maiores, tramítase este expediente por solicitude do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, polo procedemento de emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.



Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841), para a adxudicación do Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia "Reconstrución de plataforma na EP-0017 O Vao-Campañó, PQ 0+620 (Concello de Pontevedra)" por un importe estimado de 768,35 €.

Considerando.- O documento RC emitido pola Intervención na data 20/01/2023 con número de operación 202300016411m por importe de 768,35 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 .

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de





18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reconstrución de plataforma na EP-0017 O Vao-Campañó, PQ 0+620 (Concello de Pontevedra)".
2. Autorizar o gasto por importe de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. (CIF A36008886) o contrato "Reconstrución de plataforma na EP-0017 O Vao-Campañó, PQ 0+620 (Concello de Pontevedra)" por importe de 150.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	123.966,94 €
IVE (21%) .....	26.033,06 €
Importe total .....	150.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona Belén Pampín Camino, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:





- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2023004509.

5. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia "Reconstrución de plataforma na EP-0017 O Vao-Campañó, PQ 0+620 (Concello de Pontevedra)" (Expte 2023004649), por un importe de 768,35 € de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	635,00 €
IVE (21%).....	133,35 €
Importe total.....	768,35 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/432.4320.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:



Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023004649.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2023 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2023000443 de data 20 de xaneiro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Construcións Obras e Viais, S.A. (CIF A36008886), o contrato para execución da obra “Reconstrución de plataforma na EP-0017 O Vao-Campañó, PQ 0+620 (Concello de Pontevedra)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 150.000,00 euros, IVE engadido.

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial 2023000443 de data 20 de xaneiro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Construcións Obras e Viais, S.A. (CIF A36008886), o contrato para execución da obra “Reconstrución de plataforma na EP-0017 O Vao-Campañó, PQ 0+620 (Concello de Pontevedra)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 150.000,00 euros, IVE engadido.

17.7956.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 7 DE FEBREIRO DE 2023 (NÚM. REXISTRO 2023001032) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP-2204 SABARÍS-BELESAR, PQ 0+550 (CONCELLO DE BAIONA) (EXPTES.- 2023009282-2023006806)**

Sra. Presidenta.- No 17. Dar conta da Resolución Presidencial de data 7 de febreiro do 23 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación do muro de contención Sabarís-Belesar”. Non hai intervencións. Queda enterado o Pleno.

Por Resolución Presidencial número 2023001032 de data 7 de febreiro de 2023 acordouse adxudicar á empresa, Servicios Medioambientales del Miño (NIF B-27815182), o contrato para a execución da obra “Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+550 (Concello de Baiona)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 85.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:



“Nº Expediente	2023006806
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+550 (Concello de Baiona)”
Trámite	Adxudicación

A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

### RESOLUCIÓN

Mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: E1ECQDIFC1PVN1WS), solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís - Belesar, PQ 0+550 (Concello de Baiona)”.

No citado informe recóllese o seguinte: “...Tras unha visita polos servizos de vixilancia á estrada EP-2204 Sabarís-Belesar, detéctase un afundimento da beirarrúa na marxe esquerda do PQ 0+550. Unha vez inspeccionada minuciosamente a zona compróbase que a beirarrúa se asenta sobre un muro de mampostería existente na beira do río Groba. Este muro carece de cimentación, estando apoiado directamente sobre un terraplén que co paso do tempo, debido ás crecidas do río e ós vertidos de augas pluviais nese punto se foi desmorando producíndose un descalce no muro. Debido a esta situación detéctanse asentamentos lonxitudinais e o afundimento da beirarrúa, debido a que polo exposto anteriormente o muro se atopa nunha situación de inestabilidade que pode derivar nun colapso. Debido a que non é posible garantir a estabilidade do terraplén e a seguridade dos transeúntes que camiñan pola beirarrúa, foi necesario facer un desvío do tránsito peonil (...). En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia no tránsito peonil que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores antes de que se vexa afectada a calzada e o tráfico rodado...”

No mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 85.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO (NIF B-27815182) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de TRES (3) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 2022300022982 por importe de 85.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 06/02/2023 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico, que se comprobou que o muro de mampostería existente na beira do río Groba, atópase nunha situación de inestabilidade, que pode derivar en colapso, xa que se atopa apoiado directamente no terraplén. Isto provocou que para garantir a seguridade dos transeúntes que circulan pola beirarrúa, desviouse o tránsito peonil nese punto.

Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar danos e riscos maiores, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que caiba a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.



Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (NIF A82876905) o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (NIF A82876905) para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+550 (Concello de Baiona)", por un importe estimado de 1.379,05 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención ó efecto con CSV: BU5POYZPSXKMBLF8, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2023006806, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300022988.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.





**RESOLVO,**

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+550 (Concello de Baiona)".
2. Autorizar o gasto por importe de 85.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO (NIF B-27815182) o contrato "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+550 (Concello de Baiona)" por importe de 85.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:  
Importe.....70.247,93 €  
IVE (21%).....14.752,07 €  
Importe total.....85.000,00 €  
Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.
4. Nomear directora de obra a Dona María Elena Pérez Alonso enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en TRES (3) MESES.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizo facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es/)) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2023006806.





5. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (NIF A82876905), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+550 (Concello de Baiona)" (Expte. 2023007499), por un importe de 1.379,05 € de acordo co seguinte detalle:

Importe.....1.139,71 €

IVE (21%).....239,34 €

Importe total.....1.379,05 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/232.2312.631.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H;  
Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023007499.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2023 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2023001032 de data 7 de febreiro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Servicios Medioambientales del Miño (NIF B-27815182), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+550 (Concello de Baiona)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 85.000,00 euros, IVE engadido.

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2023001032 de data 7 de febreiro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Servicios Medioambientales del Miño (NIF B-27815182), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+550 (Concello de Baiona)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 85.000,00 euros, IVE engadido.

## 18.7957.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**



Sra. Presidenta.- E no 18. Dar conta de Resolucións presidenciais. Non hai intervencións. Queda enterado o Pleno.

En todo caso, Sr. Interventor, quería agradecerlle o traballo de toda esta información que hoxe viña ao Pleno e tamén que lle traslade a toda a súa equipa o noso agradecemento porque eu sei que aquí hai moito traballo, que moitas veces non é recoñecido e creo que o fago tamén no nome de toda a Corporación.

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 24 de xaneiro e 19 de febreiro de 2023.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 19 de febreiro de 2023.

#### 19.7958.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- E xa agora por último, no punto 19. Rogos e preguntas. Ten a palabra.

Sr. Domínguez Alfonso.- Bos días Presidenta. No seu momento presentei aquí unha moción para que se firmase un convenio de colaboración co Concello da Cañiza para rehabilitar a piscina climatizada; presentei unha moción tamén pedindo que se arreglase a estrada de Luneda; e tamén presentei unha moción pedindo que se rehabilitase a Ponte das Achas e o seu entorno. Esas tres mocións foron rechazadas polo goberno da Deputación, sin embargo algunha xa se fixo con fondos da Deputación e outras previsiblemente se vai a facer. Entón quería preguntar, que tamén presentei no seu momento unha moción para, solicitando o arranxo dos accesos á Franqueira, pois quería preguntar cando se van a levar a cabo pois a mellora dos accesos á Franqueira no Concello da Cañiza?

Sra. Presidenta.- É sorprendente. Bueno, eu entendo que estamos en período preelectoral e, bueno, igual isto a vostede lle serve para contar que non sei cantas mocións presentou, é o seu traballo, faltaría máis que a oposición non presentara mocións, ¿verdá?, eso é o que teñen que facer, algo hai que facer cando se está na oposición. E, certamente, nunca se investiu na Cañiza como neste momento e



fixemos un proxecto extraordinario na Franqueira. ¿Algunha pregunta máis? Ten a palabra.

Sr. Tourís Romero.- Si, nada, quería, dada a inquedaanza dalgúns veciños de Catoira, que nos están chamando, quería saber ¿cal foi o criterio para arranxar unha cuneta na carretera EP-8703? Porque só se arranxou na fachada do que foi alcalde de Catoira, que é candidato as eleccións municipais no 2023 do BNG. ¿Queríamos saber cal é o criterio que só se fixera ese, ese ...

Sra. Presidenta.- Pois coma sempre, criterios técnicos, porque aquí o goberno non decide ningunha cuestión que ten que ver con arranxos, ao contrario que ocorría con vostedes que no último mandato onde vostedes gobernaron aquí, pois en xuño, cando xa se sabía que perderan as eleccións, firmaron convenios a dedo para facer moitas obras, algunhas en Vilanova, que eran un desastre e que non tiñan ningún tipo de informes preceptivos e que logo nin sequera foron vostedes capaces de traballar para que foran agora unha realidade. Así que os criterios técnicos, os criterios técnicos. ¿Algunha cuestión máis? Pois non habendo máis preguntas nin rogos levántase a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as trece horas e dezaoto minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

